

28 SET. 2015

NÚM.

1671

S I L L E D A

ANUNCIO DE LICITACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES VALORADAS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE SILLEDA

OBXECTO DO CONTRATO

Constitúe o obxecto do presente contrato a prestación do servizo público de: Servizo de Axuda no Fogar (SAF)

PRAZO DE DURACIÓN

O prazo de duración do contrato é de DOUS ANOS dende a data da súa formalización, prorrogable por acordo expreso das partes por período igual ou inferior ata un máximo de outros dous (2 anos).

ORZAMENTO DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O orzamento de licitación do SAF de prestación básica e dependencia calcúlase sobre o prezo/hora, distinguindo dous tipos de servizos (ordinario e extraordinario), cos seguintes prezos unitarios:

-Prezo ordinario de licitación do SAF de prestación básica e dependencia, que corresponde ás horas realizadas os días laborables e sábados pola mañá, **11,70** euros hora, IVE excluído.

-Prezo extraordinario de licitación do SAF na modalidade de prestación básica e dependencia, que corresponde ás horas realizadas ao sábado pola tarde, domingos e festivos, **13,70** euros hora, IVE excluído.

O montante previsto de horas anuais –unha estimación seguindo os parámetros fixados pola XUNTA- queda establecido como segue:

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES	LABORABLES E SÁBADOS MAÑÁ	DOMINGOS E FESTIVOS	TOTAL
ESTIMACIÓN HORAS/ANO	22.559	1.813	24.372
SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADE LIBRE CONCORRENCIA	1.584		1.584

NOTA: SE RATA DUNHA PREVISIÓN, POLO QUE O PREZO CERTO DO CONTRATO SE ESTIPULA NO CUSTE CONTRATADO DA HORA, CUXO NUMERO É VARIABLE, SEMPRE INFERIOR AS PROGRAMADAS NO CADRO ANTERIOR (Véxase cláusula ao respecto no Prego).

ADXUDICACIÓN: procedemento aberto con multiplicidade de factores e trámite urgente.

PROPOSICIÓNS: os licitadores poderán presentar proposicións no Rexistro Xeral do Concello dentro do prazo de 13 días naturais, a contar desde o día seguinte á data de publicación deste anuncio no B.O.P. Os Pregos (2) e demais trámites se publicarán no Perfil do Contratante do Concello de Silleda.



Concello
de
Silleda

DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN: Perfil do Contratante, onde se publican os Pregos e as restantes actuacións desta contratación e na Secretaría Municipal.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN: os sinalados no prego de cláusulas administrativas.

GARANTÍA PROVISIONAL: non se esixe. Garantía definitiva: o 5% de prezo anual de adxudicación, IVE excluído.

Revisión de prezos: Segundo se establece no prego de cláusulas administrativas.

GASTOS DE ANUNCIOS: o gasto derivado das publicacións desta licitación será por conta do adxudicatario.

Outras informacións: véxase o prego de cláusulas administrativas e particulares.

SILLEDA, 28 de Setembro de 2015.

O ALCALDE

Asdo.: Manuel Cuíña Fernandez

